


MATERIAL DESCARGABLE

MAPA CONCEPTUAL



Fase 1: É posíbel outro turismo?

Glosario

Camiño de Santiago

Definición: Conxunto de vías de acceso de peregrinos a Santiago, creado a partir da descuberta dos supostos restos do Apóstolo no lugar do Libredón, en Santiago de Compostela, durante o reinado de Afonso II. O Camiño Francés e as rutas francesas do Camiño foron declarados pola Unesco Patrimonio da Humanidade en 1993 e 1998 respectivamente.

Exemplo: Un grande número de peregrinos chegan anualmente a Santiago a través dos seus diferentes camiños como o Francés ou Norte.

Conxunto histórico artístico:

Definición: A declaración legal denominada Conxunto histórico-artístico está formada por tódolos bens declarados como Monumentos históricos-artísticos, sendo unha figura de protección sobre os bens culturais españois e que se atopa regulada polo Ministerio de Cultura de España.

Exemplo: A Catedral, a Praza do Obradoiro ou a Casa da Parra conforman algúns dos elementos pertencentes ao Conxunto Histórico-Artístico de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela:

Definición: Capital de Galicia (nela atópase o Goberno autonómico) e da comarca de Santiago, na provincia da Coruña. Segundo o IGE, en 2022 o concello tiña 98.179 habitantes. O seu xentilicio é “santiagués”, “compostelán” e máis popularmente “picheleiro”. A súa catedral é destino das diferentes rutas que conforman o Camiño de Santiago, declarado patrimonio da humanidade, distinción que tamén posúe o seu casco vello dende o ano 1985.

Exemplo: Santiago de Compostela é a capital de Galicia.

Turismo sostible:

Definición: Según a OMT (Organización mundial do turismo): “O turismo que ten totalmente en conta as repercusións actuais e futuras, económicas, sociais e medioambientales para satisfacer as necesidades dos visitantes, da industria, da contorna e das comunidades anfitrías.”. O concepto ten unha clara relación cos obxectivos da axenda 2030.

Exemplo: Precisamos que o turismo da nosa cidade sexa sostible e permita a convivencia de todos os cidadáns.

Turismo de masas:

Definición: Caracterízase pola concentración dun grande número de turistas nun mesmo lugar nun momento concreto, que ten consecuencias negativas na poboación local e no medio ambiente.

Exemplo: O turismo de masas encheu as praias da costa mediterránea, dificultando o disfrute das mesmas pola poboación local.

Fase 2: Qué lembramos?

Glosario

Poesía

Definición: Forma de literatura que emprega as calidades estética, facendo uso dos denominados recursos literarios; e a rítmica da linguaxe, que se basea na prosodia (ritmo, métrica, acentos e entoación dos poemas), para evocar e expresar significados distintos ou engadidos ao significado propio do texto.

Exemplo: A poesía de Rosalía de Castro é universal

Rima

Definición: Concordancia total ou parcial dos fonemas dunha ou máis palabras a partir da última vogal acentuada. Isto produce unha igualdade total (rima consoante) ou parcial (rima asoante) de certos sons entre dous ou máis versos.

Exemplo: Esa canción ten unha rima moi inxeniosa.

Métrica

Definición: Técnica que nos permite medir os riscos formais os versos da poesía. Este proceso baséase no recento das sílabas buscando certo ritmo, duración e sonoridade.

Exemplo: A métrica deste poema é perfecta.

Narración

Definición: Exposición oral ou escrita duns feitos acontecidos. Estes poden ser reais ou inventados.

Exemplo: Hai moitas narracións sobre o acontecido esa noite.

Fase 3: Mans á obra

Glosario

Reporteiro

Definición: Un reporteiro/a é un profesional que recopila e informa sobre noticias e temas de actualidade.

Exemplo: Hai moitos reporteiros seguindo a noticia.

Contacontos

Definición: Persoa que conta contos en voz alta para entreter a un público determinado

Exemplo: Encantóume a historia que contou aquel contacontos.

Creador de contido

Definición: Persoa encargada de elaborar contido orixinal e atractivo ca fin de posicionar unha marca e/ou conectar cunha audiencia.

Exemplo: Hai moito creador de contido na plataforma "Tik Tok".

Teatro

Definición: Nado na Grecia Clásica, é unha das artes escénicas, é dicir, aquelas que se fan nun escenario. Consiste na recreación dunha ou varias historias de distinta índole mediante actores, discursos, música e escenografía.

Exemplo: O teatro clásico encántame.

Poeta

Definición: Persoa que compón obras poéticas..

Exemplo: Rosalía de castro foi unha grande poetisa.

Situándonos

Na Fase 2 vimos:

Os textos informativos ou expositivos: aqueles que aparecen normalmente na prensa escrita serven para transmitir información ao receptor. Ofrecen datos, descrições da realidade, de certos feitos ou calquer outro tipo de información que teña como obxecto transmitir un coñecemento.

Os textos narrativos: son os que aparecen nas novelas de ficción e, aínda que contan uns feitos, estes poden ser tamén imaxinarios. Este tipo de prosa acostuma contar unha historia, e con frecuencia está cargada de emoción. Consideramos tipos de textos narrativos as novelas, contos, lendas...

Os textos poéticos: aqueles que empregan as calidades estética, facendo uso de recursos literarios; e a rítmica da linguaxe, que se basea na prosodia (ritmo, métrica, acentos e entoación dos poemas), para significados distintos ou engadidos ao significado propio do texto.

Axuda gramatical

Artigos

Determinan aos substantivos e concordan en xénero e número

Determinados

	Singular	Plural
Masculino	<i>o</i>	<i>os</i>
Feminino	<i>a</i>	<i>as</i>

Indeterminados

	Singular	Plural
Masculino	<i>un</i>	<i>uns</i>
Feminino	<i>unha</i>	<i>unhas</i>

Ás veces pódese empregar na escrita a chamada "segunda forma do artigo" (lo, la, los, las) despois de certas palabras:

mais, e mais: Xosé e mailo seu curmán

por: ando pola rúa; fun polo camiño

tras: hai un val tralo outeiro

todos, todas: tódolos homes son iguais; xogo con tódolos nenos

ambos, ambas: ámbolos sobriños son dun tempo.

Tamén hai que ter en conta que aparecen contraídos ao coincidir cunha preposición:

A (cos determinados: Á, ao (ó), Ás, aos(ós))

con (co, ca, cos, cas, cun, cunha, cuns, cunhas)

de (do, da, dos, das; dun, dunha, duns, dunhas)

en (no, na, nos, nas; nun, nunha, nuns, nunhas)

Demostrativos.

Os demostrativos son uns determinantes que acompañan ó substantivo e que indican proximidade ou lonxanía no espazo ou no tempo respecto da cousa da que fala o emisor:

	Masculino		Feminino		Neutro
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular
Proximidade ao emisor	<i>este, ese</i>	<i>estes, eses</i>	<i>esta, esa</i>	<i>estas, esas</i>	<i>isto, iso</i>
Lonxanía	<i>aquel</i>	<i>aqueles</i>	<i>aquela</i>	<i>aquelas</i>	<i>aquilo</i>

Os demostrativos contraen coas preposicións de e en do seguinte xeito

	<i>este</i>	<i>estes</i>	<i>esta</i>	<i>estas</i>	<i>isto</i>
<i>de</i>	<i>deste</i>	<i>destes</i>	<i>desta</i>	<i>destas</i>	<i>disto</i>
<i>en</i>	<i>neste</i>	<i>nestes</i>	<i>nesta</i>	<i>nestas</i>	<i>nisto</i>

Fariase do mesmo xeito cas restantes formas: ese (dese, nese), aquel (daquel, naquel)

Posesivos

Os demostrativos acompañan un substantivo e cando substitúen a este funcionan como pronome.

Os posesivos indican posesión ou pertenza dun obxecto atribuída a un ou varias persoas.

Persoa		Singular		Plural	
Singular		Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
	1ª	<i>meu</i>	<i>miña</i>	<i>meus</i>	<i>miñas</i>
	2ª	<i>teu</i>	<i>túa</i>	<i>teus</i>	<i>túas</i>

	3ª	<i>seu</i>	<i>súa</i>	<i>seus</i>	<i>súas</i>
Plural	1ª	<i>noso</i>	<i>nosa</i>	<i>nosos</i>	<i>nosas</i>
	2ª	<i>voso</i>	<i>vosa</i>	<i>vosos</i>	<i>vosas</i>
	3ª	<i>seu</i>	<i>súa</i>	<i>seus</i>	<i>súas</i>

Indefinidos

Fan referencia a unha cantidade de maneira imprecisa ou indeterminada:

O determinante indefinido acompaña o substantivo e tamén pode exercer de pronome

se vai só:

algo, alguén, ninguén, nada

Existen determinantes indefinidos variables. son aqueles que teñen *xénero* e *número*.

algún(s) - algunha(s)

moito(s) - moita(s)

certo(s) - certa(s)

todo(s) - toda(s)

bastante(s)

ningún(s) - ningunha(s)

pouco(s) - pouca(s)

outro(s) - outra(s)

demasiado(s) - demasiada(s)

E tamén existen determinantes indefinidos invariables.

cada, calquera, máis, menos, demais

Os indefinidos poden contraer coas preposicións:

	<i>algún</i>	<i>algunha</i>
<i>de</i>	<i>dalgún</i>	<i>dalgunha</i>
<i>en</i>	<i>nalgún</i>	<i>nalgunha</i>

Numerais

O determinante numeral expresa cantidade. Pode funcionar como todos os determinantes ou como pronome cando van sós, cando non acompañan o substantivo. Os determinantes numerais poden ser ordinais ou cardinais.

Os ordinais indican orde na súa colocación ou dentro dun grupo.
primeiro caixón, segundo piso, terceiro, cuarto.

Os cardinais informan sobre a cantidade exacta de elementos.
un vaso, dúas bicicletas, catro libros, seis mesas.

Os determinantes cardinais a partir de vinte escríbense separados.
vinte e un, vinte e sete, trinta e cinco.

Somos poetas

Información.

Sobre a poesía:

Aínda que traballamos lembrando aspectos da poesía como son a métrica ou as figuras literarias compre suliñar un par de cousiñas máis para que queden claras:

O número de versos e a forma na que se agrupan e riman estes vai dar unha musicalidade distinta a un poema polo que é necesario atender a varias cuestións.

En canto aos **versos** e o número de sílabas destes:

- Se a última palabra é aguda engadimos 1 sílaba ao total.
- Se a última palabra é esdrúxula quitamos 1 sílaba ao total.
- Nalgúns casos dúas vogais entre palabras contan como 1 sílaba sóa (sinalefa)
- Os versos de 8 o máis sílabas denominanse versos de arte maior e os que teñen menos son de arte menor.

En canto **a rima**: a rima vai en función da sílaba tónica da última palabra de cada verso. Lembra que a sílaba tónica é a que se pronuncia con máis forza, tomando o resto delas o nome de átonas.

Por exemplo: mesa: me; sílaba tónica; sa: sílaba átona.

A maior parte dos poemas riman de forma asonante ou consoante, aínda que tamén poden non rimar considerando estes versos libres.

- Asonante: coincidindo as vogais dende a última sílaba tónica do verso con outro.
- Consoante: coincidindo consoantes e vogais a partir da última sílaba tónica.

En canto a **formas de agrupar e rimar os versos**:

- De dous versos temos os **Pareados**: varios versos que riman seguidos un dos outros, poden ser de arte maior ou menor **A A** ou **B B**

Fomos ficando sos
O mar o barco e máis nós.

María, Manuel. *De Catro a Catro* (1928). Revista Nós.

- En canto os de catro versos temos o **serventesio**: catro versos de arte maior, tamén de rima consonántica, pero a rima establécese entre o primeiro co terceiro e o segundo co cuarto: **A B A B**; a **Cuarteta**: Mesmo esquema que o anterior pero sendo de arte menor **a b a b**.

Exemplo de cuarteta

Fiandeiriña que fías (a)
nas noites do longo inverno (b)
as liñas máis delgadiñas (a)
que o fio do pensamento. (b)

Novoneyra, Uxío. *Os Eidos* (2011) Edicións Positivas.

- O tipo de rima que predomina en Galicia na tradición oral que é a **Copla**, que poderíamos definir coma unha cuarteta quedando soltos os impares - **A - A**.

Eu non sabía que había -
tanta alegría nas bágoas (a)
nin neve nas bidueiras -
nin esperanza nas mágoas. (a)

Rivas, Manuel. *A desaparición da neve*, (2009)

Como xa vimos comentando para darlle maior emotividade aos textos utilízanse as denominadas figuras ou recursos literarios.

- Personificación

Figura literaria que consiste en atribuir a obxectos ou seres non humanos cualidades propias das persoas.

Esta era unha **banana**
presumida e bela dama
que **paseaba elegante**
sempre rúas adiante
pola cidade da Habana.

Cortizas, Antón, *Era unha vez unha quimbamba*.
Tambre, 2008.

- Metáfora

Figura que se utiliza para referirse a algo sen nomealo explicitamente, para o cal recurrese a un uso figurado da linguaxe.

O **barco é un berce**,
Un berce ben grande,
Nel poden durmir moitas persoas ao mesmo tempo
Persoas que soñan
Arroladas polo ruído do mar

Carballeira, Paula. *Contatrás II-I*.(2011) Edicións Positivas.

- Comparación

Figura retórica que consiste en establecer unha relación de semellanza ou comparación entre dúas imaxes, ideas, sentimentos, cousas, etc.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gañar o pan.
Co tempo fíxose mozo cumprido, sen máis chatas que a súa cor...
Aínda que **era negro coma o pote**, tiña graza dabondo para facerse querer por todos.
Endomingado, cun caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel *Cousas* (1995) Galaxia.

(se ben non é un poema é un bo exemplo de comparación)

Exemplos de poesía:

- **Don Dinis de Portugal:** *Ai froes do verde pino*. Un exemplo de trovador da Idade Media. As súas composicións son das máis coñecidas xunto as de outros autores como Martin Codax, Alfonso X O Sabio.
- **Rosalía de Castro:** *Has de cantar*. A muller e figura máis representativa da poesía galega. Por ela se conmemora o día das letras galegas o 17 de Maio, que coincide coa publicación da súa obra *Cantares Gallegos*.
- **Uxío Novoneyra:** *Cain as follas*. O poeta do Courel.
- **Manuel María:** *Galicia*. Un dos exemplos máis representativos da poesía galega do S.XX
- **Lúa Mosquetera:** *Anorak de pel caribú*. Unha das poetas englobadas na nova poesía galega, soe participar en directo e facendo colaboracións cun grupo chamado *Bala*.

Somos narradores.

Información.

Sobre a narrativa:

Dentro dos **subxéneros narrativos** hai un moi importante para a consecución do reto e que é a creación dun **conto**.

Do **conto** dise que é tan antigo coma a humanidade. Consiste nunha narración breve, oral ou escrita, na que se relata unha historia tanto real como ficticia. Ademais da súa brevidade, o conto ten outras características estruturais que o diferencian da novela como pode ser a súa extensión.

Ao ser un texto narrativo, ten a **mesma estrutura narrativa** que o resto de xéneros, é dicir, todos teñen unha **presentación**, un **nó** e un **desenlace ou final**.

O conxunto de obras das que podemos coller exemplos para crear **historias ou lendas** en galego é inmensa. Porén existe unha circunstancia a maiores a ter en conta... o certo é que, na Galicia, existen infinidade de

lendas e mitos relacionados con crenzas populares. Ao igual que no resto de culturas estas lendas ou contos servían para explicar determinados aspectos da realidade aos que non se lles atopaba sentido ou mesmo para explicar a creación dunha vila.

De aí que teñamos seres que, presentando similitudes con outros doutras partes do mundo, pertencen ao imaxinario colectivo galego e que compre non esquecer, xa que forman parte do noso patrimonio cultural e inmaterial.

Algúns exemplos destes seres míticos ou máxicos poderían ser: *os trasnos, as fadas, os mouros, as xacias, o monstro da coca...*

As lendas ou contos varían en función do territorio no que as atopemos. Compre resaltar que a conservación delas é froito da transmisión oral de xeración en xeración e que hai moitos autores que a finais do século XX, e principios do século XXI, viron a necesidade de deixar plasmadas estas lendas en varios ensaios ou libros como pode ser *A Enciclopedia de Seres Mitolóxicos Galegos* de **Reigosa, Cuba e Miranda**.

Exemplos de narrativa:

Ademais da transmisión oral, en Galicia temos autores que, guiándose ou non pola tradición, fixeron grandes obras e relatos que merecen o maior dos recoñecementos. Xa que non podemos abarcar a todos eles, posto que son moitísimos, fixemos unha pequena escolma para que che sirva de axuda para a consecución do reto final.

Quedan fora desta selección autores do século XVIII pertencentes ao denominado **Rexurdimento** e que merecen ser tamén mencionados (Curros Enríquez, Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro), xa que se ben traballaron nalgún momento a narrativa ou o ensaio, son máis recoñecidos pola súa obra poética.

- **Xeración Nós.** Comprende o Grupo Nós ou o tamén chamado cenáculo Ourensán con:

Ramón Otero Pedraio no que as súas obras conxugan tradición, fidalguía e paisaxe como se pode comprobar en *Os camiños da vida*; e **Vicente Risco** que tras pasar por varias etapas cabería destacar dúas obras das máis relevantes como son: *Do caso que lle aconteceu ao doutor Albeiros* e *O Porco de pé*.

Antonio Daniel Rodríguez Castelao: Pertencente a Xeración pero non ao grupo Nós. Artista multidisciplinar: Ensaista, Dramaturgo, Escritor, político. Na súa obra conxuga tenrura, humor e denuncia para dignificar ao pobo galego. De entre as súas obras destacaríamos: *Un ollo de vidro memorias dun esqueleto*, *Cousas* ou *Os dous de sempre*.

- **Xeración do 25 E Vangardas:** A figura principal sería **Rafael Dieste**, se ben traballou tamén o ensaio ou o teatro, dentro da narrativa destaca a súa obra *Dos arquivos do trasno*. Nela hai un grande número de relatos curtos de entre o que presentámosche máis adiante un exemplo co relato *Sobre a Morte do Bieito*.

- **Narrativa posterior a guerra civil.** Podemos destacar outros autores que aportaron moito a literatura galega e que se poderían enmarcar nesta etapa (aínda que algún deles xa tiveran obras publicadas previo ao estalido da guerra) como poderían ser **Alvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Maria Xosé Queizán, Carlos Casares, Xosé Neira Vilas...**

- **Na actualidade.** Nos nosos días hai unha cantidade inmensa de autores que se poden encadrar na denominada nova narrativa galega. Algúns deles poderían ser: **Miguel Anxo Murado, Carlos Reigosa, Manuel Rivas, Suso de Toro...** Deste último tamén seleccionamos un pequeno relato presente no seu libro *Polaroid*.

O teu é puro teatro. (3.2)

Información.

Sobre o teatro:

A mellor forma de conxugar conto, poesía e recomendacións (como por exemplo inculcar valores de boas prácticas á hora de realizar turismo) é a través do teatro.

Dentro da literatura galega temos infinidade de exemplos de grandes autores que se dedicaron ademais da prosa ou á poesía, ao teatro.

A continuación presentámosvos unha pequena escolma de autores e obras que debemos ter en conta para realizar unha obra de teatro.

- **Teatro das Irmandades da fala** de principios do s.XX que consideraban que o teatral era un dos ámbitos nos que o galego debía gañar o prestixio social. Cunha linguaxe moi coidada un das principais figuras foi **Ramón Cabanillas**, tamén poeta, cas súas obras *A man de Santiña* ou *O Mariscal* que fal sobre a figura de Pardo de Cela.

- **Xeración Nós**, que incorpora elementos surrealistas. As súas figuras máis representativas son **Vicente Risco** (*O bufón do Rei*), **Otero Pedrayo** (*O desengano do priórico*) e **Castelao** (*Os vellos non deben de namorarse*).

- **Teatro das vangardas**: Figura de **Rafael Dieste** ca *Fiesta Valdeira*.

Orientacións previas (para a creación dunha obra de teatro)

- Non só importa a historia que queres contar senón como queres contar a historia.
- Indicar con acotacións como se expresan as personaxes (berrando, susurrando...) e como se moven polo escenario (non é o mesmo estar quietos declamando que berrando en movemento).
- Coidar os diálogos e non utilices expresións malsoantes.
- Utilizar correctamente os signos de puntuación (Raia, guión...) poden dar pé a confusións se non están ben colocados.
- É moi importante a forma de colocar e dirixir a voz á hora de falar ante un auditorio.
- E o máis importante, divertirse creando e convertíndote na persoa á que interpretas.

Fase 4: Imos polo reto

Glosario

Promoción turística

Definición: Unha promoción turística é un conxunto de accións encamiñadas a dar a coñecer un lugar a visitantes.

Exemplo: A promoción turística daquel concello está presente nas redes sociais

Triptico

Definición: Papel que se dobra en tres partes e que contén información sobre un lugar.

Exemplo: A vila vén de crear un tríptico para a súa promoción turística.

Turismo devagar

Definición: Un xeito de facer turismo no que se intenta conectar co local (coa xente que vive alí, cos produtos da zona e de produción sostible, coas empresas que organizan actividades en pequenos grupos e respectuosas co medio ambiente).

Exemplo: O turismo de vagar é unha forma de viaxar sostible, que rexeita os grandes grupos de turistas que só queren a foto no monumento máis famosos da cidade



"Título do documento", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0